

Unidade 7:

O nacemento do mundo moderno

1. Introducción á Idade Moderna

A Idade Moderna é un período histórico comprendido entre mediados do século XV e finais do século XVIII. Tradicionalmente, establécese o seu inicio coa **conquista de Constantinopla polos turcos en 1453**, que marcou o fin do Imperio Bizantino e aumentou a ameaza musulmá sobre Europa occidental, aínda que outros autores (especialmente en España) marcan o punto de inicio en **1492, co chamado “Descubrimento de América”** por parte dos casteláns. O final da Idade Moderna adoitase situar na **Revolución Francesa de 1789**, un suceso que simboliza a consolidación dos novos ideais políticos e sociais do mundo moderno.

Dentro da Idade Moderna distínguense varios subperíodos: o século XVI, caracterizado polo **Renacemento**, o século XVII, asociado ao **Barroco**, e o século XVIII, coñecido pola **Ilustración e o Absolutismo**. Cada subperíodo presenta transformacións culturais, sociais e políticas específicas, pero todos eles están inmersos nunha mesma dinámica de cambio do medieval ao moderno.

Dende mediados do século XV e durante o XVI, Europa experimentou profundas transformacións en todos os ámbitos: demográfico, económico, político, social e cultural. A desaparición do Imperio Bizantino, os descubrimentos xeográficos e a progresiva concentración do poder nos monarcas sentaron as bases do **Estado moderno**, que substituíu ao sistema feudal. Ao mesmo tempo, apareceu un novo capitalismo comercial e unha burguesía urbana que foi gañando influencia social, política e económica. O Humanismo e o Renacemento modificaron a mentalidade e a estética europea, mentres que a Reforma protestante e a Contrarreforma alteraron radicalmente a unidade relixiosa do continente, dando lugar a conflitos que marcarán toda a Idade Moderna.


2. A transición da Idade Media á Idade Moderna

O tránsito cara á modernidade foi un proceso gradual, resultado de múltiples factores interrelacionados. Entre os máis destacados atópanse a profunda crise do século XIV, o asentamento das monarquías autoritarias fronte ás estruturas feudais e o xurdimento do capitalismo comercial.

2.1. A crise do século XIV

O século XIV estivo marcado por unha profunda **crise demográfica, social e económica** que tivo diferentes causas que se produciron case ao mesmo tempo:

- Unha epidemia **peste negra** (1347-1351) provocou a morte dun terzo da poboación europea, o que tivo efectos devastadores sobre a man de obra e a produtividade agrícola.
- Varias **guerras prolongadas** (sobre todo a Guerra dos Cen Anos entre Francia e Inglaterra) xeraron moita inestabilidade política e o debilitamento das estruturas feudais tradicionais.
- As **crises de subsistencia**, provocadas por malas colleitas e carestías, favoreceron o aumento dos prezos, a migración rural e o fortalecemento de certos sectores campesiños.



Estas crises provocaron unha transformación das relacións sociais. A **nobreza perdeu parte do seu poder económico**, mentres os reis fortalecían a súa autoridade, apoiándose na burocracia e nun exército permanente. Ao mesmo tempo, as cidades e a burguesía adquiriron maior importancia, consolidando unha nova economía urbana baseada no comercio e nas finanzas.

2.2. Consolidación da monarquía autoritaria

O debilitamento do feudalismo e o ascenso social e económico da burguesía permitiu a **consolidación das monarquías autoritarias**, caracterizadas por:

- Concentración do poder político nas mans do monarca.
- Creación de burocracias centralizadas e exércitos permanentes.
- Reforma fiscal e administración máis eficiente dos recursos.

As **cidades medraron** en tamaño e importancia, converténdose en centros económicos e culturais. Nelas comezaba a gañar peso a **burguesía urbana**, un grupo social ligado ao comercio e ás finanzas, que comezou a influír cada vez máis nas decisións políticas e no desenvolvemento económico dos países europeos.


2.3. Aparición do capitalismo comercial

O sistema feudal baseado na propiedade da terra foi progresivamente substituído por un incipiente **capitalismo comercial**. O comercio a longa distancia, especialmente coas novas rutas atlánticas xurdidas dos descubrimentos xeográficos dos séculos XV e XVI, permitiu a acumulación de capital e a creación de empresas comerciais, bancos e instrumentos financeiros innovadores, (como cheques ou letras de cambio).

3. A sociedade e a economía a comezos da Idade Moderna

3.1. A sociedade de comezos da Idade Moderna

Ao longo da Idade Moderna a sociedade continuaba sendo estamental, é dicir, estaba dividida en grupos sociais pechados chamados **estamentos**, aos que se pertencía por nacemento (agás o clero, no que por definición só se podía ingresar máis adiante) e nos que era moi difícil ascender. Existían dous grandes grupos: os **privilexiados** (nobreza e clero), que non pagaban impostos e concentraban o poder político, económico e social, e os **non privilexiados** (o tamén chamado Terceiro Estado), que era o grupo ao que pertencía a inmensa maioría da poboación (campesiños, artesáns e burgueses) e que era o que soportaba a maior parte das cargas fiscais.



A **nobreza e o clero** controlaban grandes extensións de terra e ocupaban postos de poder político e militar, ademais de gozar de privilexios como a exención de impostos. A pequena nobreza, con recursos limitados, buscaba ascenso social a través da Administración ou emigraba ás colonias americanas en busca de fortuna, mentres trataba de manter o seu status social.

A maioría da poboación vivía no campo, en condicións duras, suxeita a impostos e traballo máis ou menos forzado. Os **campesiños** dependían dos señores laicos e da Igrexa, e sufrían frecuentes crises de subsistencia derivadas de malas colleitas. As epidemias, especialmente a peste, afectaban tanto ás cidades como ao rural, diminuindo a esperanza de vida e mantendo elevadas taxas de mortalidade, o que condicionaba fortemente o crecemento demográfico.

A **burguesía**, se ben estaba consolidada en países como Holanda e Inglaterra, era moito menos influente no resto de Europa, como se pode comprobar nos reinos da península Ibérica. Moitos comerciantes españois e portugueses buscaban ennobrecerse, afastándose do comercio activo (a chamada “traición da burguesía”), e dedicándose á administración ou á vida cortesana. Isto limitou o desenvolvemento dunha economía máis dinámica e empresarial en comparación con outras zonas do Vello Continente.

3.2. A economía de comezos da Idade Moderna

A inicios da Idade Moderna, **a economía estaba en transición**: o comercio atlántico con América provocou o intercambio de produtos como ouro, prata, tabaco, madeira e café, mentres que bancos e casas comerciais facilitaron a circulación de capital e o desenvolvemento do capitalismo mercantil. Este proceso coñécese como **revolución comercial**, e supuxo o **paso dunha economía baseada na terra a outra centrada no comercio a longa distancia e na acumulación de riqueza**. Os metais preciosos procedentes de América, especialmente a prata, incrementaron a circulación monetaria en Europa e favoreceron o crecemento das transaccións comerciais, aínda que tamén provocaron fenómenos como a subida dos prezos.

Portos como Lisboa, Sevilla e Amberes destacaron pola súa actividade económica e polo crecemento urbano, converténdose en centros clave ou nodos das novas redes comerciais internacionais que conectaban Europa, América, Asia e África.

O aumento da circulación monetaria e das operacións financeiras contribuíu a unha progresiva **modernización das prácticas económicas**, perfeccionáronse tamén os **instrumentos financeiros** como as letras de cambio ou os préstamos bancarios, que permitiron realizar operacións comerciais máis complexas e seguras. Xurdiron importantes familias de banqueiros e comerciantes, como os Fugger ou os Médici, que financiaban tanto o comercio como as monarquías europeas.

4. Humanismo e Renacemento

4.1. Humanismo

O **Humanismo** foi un movemento intelectual que **situaba ao ser humano no centro do pensamento e na investigación do mundo**. Inspirado na Antigüidade clásica, promoveu o estudo de filosofía, literatura, historia e ciencias, substituindo a explicación medieval do mundo, que baseaba a explicación da realidade exclusivamente na relixión. O Humanismo subliñaba a enorme importancia da educación, a razón, a investigación empírica e a observación de todos os fenómenos, sentando así as bases da ciencia moderna.

Algúns dos principais humanistas foron **Erasmus de Rotterdam** ou **Tomás Moro**, que defendían especialmente a ética, a liberdade de pensamento e a mellora da sociedade mediante coñecemento e estudo.

4.2. Renacemento

O **Renacemento** foi a expresión artística e cultural do Humanismo. Aínda que se estendeu por toda Europa, tivo como principal centro a península de Italia, sobre todo nas cidades de Florencia e Roma, onde o mecenazgo exercido por familias como os Médici ou o Papado permitiron a numerosos artistas desenvolver a súa actividade con maior prestixio e seguridade económica ca na Idade Media.

A pintura, a escultura e a arquitectura renacentistas **buscaban sobre todo a proporción, a harmonía e o realismo**, inspirándose nos modelos da Antigüidade clásica grega e romana. Os artistas empregaron técnicas como a perspectiva para representar o espazo con profundidade e verosimilitude, e estudaron a anatomía humana para lograr figuras máis naturais. Ademais, a arte deixou de ser exclusivamente relixiosa, incorporando temas mitolóxicos e retratos, o que reflicte a nova valoración do ser humano propia do Humanismo.

Artistas como **Leonardo da Vinci**, **Miguel Ángel** ou **Rafael** revolucionaron a concepción de arte, combinando anatomía, perspectiva e técnicas innovadoras para representar a realidade de forma natural e equilibrada. Na arquitectura recupéranse elementos da tradición clásica, como frontóns, columnas, cúpulas e a simetría, reflectindo unha visión racional do espazo e da beleza.



5. As crises relixiosas: Reforma e Contrarreforma

Durante a Idade Media, a Igrexa Católica gozara dunha posición hexemónica. Era considerada a intermediaria entre Deus e os homes, controlaba a educación, a cultura e a vida social, e posuía enormes riquezas. Este poder absoluto comezou a ser cuestionado a finais do século XV por un movemento de **humanistas** que defendían unha relación máis directa e persoal co divino. Erasmo de Rotterdam foi un representante destacado deste pensamento, que aínda non pretendía romper coa Igrexa e o papado, senón reformalo desde dentro.

5.1. Reforma protestante

O verdadeiro punto de inflexión chegou en **1517**, cando o monxe agustino alemán **Martín Lutero** orixinou o **protestantismo** coa publicación das súas “**95 Teses**”, criticando duramente a venda de indulxencias aos fieis e a corrupción do clero. A súa mensaxe era sinxela pero revolucionaria: a salvación da alma non dependía de rituais ou obras exteriores, senón exclusivamente da fe en Deus. Ademais, defendía o acceso directo á Biblia para todos os crentes, traducíndoa ás linguas vernáculas (alemán, inglés, castelán, italiano...) en lugar de só ao latín, permitindo así a lectura persoal das Sagradas Escrituras.

Estas ideas tiveron un enorme impacto, especialmente entre os príncipes e a poboación da zona alemá, que viron na Reforma unha oportunidade para independizarse do control económico e político do Papa de Roma.

A Reforma pronto se expandiu e deu lugar a distintas correntes, entre as que destacan o **calvinismo**, que subliñaba a predestinación e a disciplina moral, e o **anglicanismo**, imposto en Inglaterra polo rei Enrique VIII por motivos tanto relixiosos como políticos.

Estes movementos xeraron ao longo do século XVI as chamadas **Guerras de relixión**, que non só enfrontaban distintas visións do Cristianismo, senón que foron tamén expresión de tensións sociais, económicas e territoriais.

5.2. *Contrarreforma católica*

A **Contrarreforma católica**, iniciada co **Concilio de Trento** (1545-1563), reafirmou a **autoridade do Papa**, limitou a interpretación bíblica á que facía a propia Igrexa, esixiu maior formación a todos os sacerdotes, promoveu catecismos para que os fieis entenderan mellor a doutrina e creou o Tribunal da Inquisición. Ademais, reforzouse a disciplina interna do clero, combatéronse prácticas corruptas e impulsouse unha maior vixilancia sobre as crenzas da poboación. Estableceuse tamén unha clara defensa dos sacramentos e de toda a tradición católica fronte ás ideas protestantes.

No Concilio de Trento tamén se decidiu potenciar a predicación e a educación relixiosa como instrumentos de control e, sobre todo, de difusión da fe. **Ordens relixiosas** como os xesuítas tiveron un papel fundamental na educación, na evanxelización e na expansión do Catolicismo, tanto en Europa como nos territorios americanos. O **Barroco** como estilo artístico xurdiu neste contexto, como expresión artística de grandeza, emotividade e didactismo, destinada a reforzar a fe católica.



Pódese dicir, polo tanto, que as crises relixiosas transformaron Europa: xeraron conflitos armados, redefiniron fronteiras políticas e sociais, e deixaron un legado duradeiro sobre a tolerancia, a liberdade de conciencia e a organización dos Estados modernos.

6. Os descubrimentos xeográficos e a expansión portuguesa

6.1. O inicio da “era dos descubrimentos”

Ao longo do século XV, Europa viviu un período de grandes transformacións que afectaron ao comercio, á política e ao coñecemento do mundo. Entre os factores que motivaron a chamada “**era dos descubrimentos**” destacan varios aspectos interrelacionados.

- ➔ A **conquista de Constantinopla polos turcos en 1453** provocou a interrupción do comercio tradicional co Oriente a través do Mediterráneo, o que aumentou a necesidade de buscar novas rutas marítimas para acceder a especias, metais preciosos e produtos de luxo.
- ➔ En Europa estíbese a experimentar unha gran **renovación científica e técnica**, co perfeccionamento de instrumentos de navegación como o **astrolabio**, o uso de **portulanos** e mapas máis precisos, así como o deseño de embarcacións máis seguras e rápidas, como as **carabelas** e as **naos**. Todo isto permitiu realizar viaxes máis longas e confiábles.
- ➔ A motivación económica coincidía cunha **ambición política**, pois os monarcas europeos buscaban ampliar a súa influencia e consolidar os seus Estados mediante a posesión de territorios ultramarinos e o control de rutas comerciais. Neste campo destacou, sobre todo, o reino de Portugal.


6.2. A expansión portuguesa

Nese contexto de mellora da navegación e ambicións políticas e económicas, **Portugal converteuse no pioneiro da exploración africana**. Grazas ao apoio da monarquía, especialmente grazas ao príncipe Enrique o Navegante, os portugueses iniciaron a exploración sistemática da costa de África, avanzando pouco a pouco cara ao sur e establecendo postos comerciais e pequenas factorías costeiras ao longo do camiño.

Xa no ano 1498, **Vasco da Gama alcanzou a India**, abrindo unha ruta marítima directa cara ao comercio de especias e metais preciosos, o que marcou o nacemento do gran imperio comercial portugués. Estes descubrimentos permitiron a Portugal consolidar o seu dominio sobre o Atlántico sur e o océano Índico. Para regular as exploracións e asegurar o dominio desta nova ruta, Portugal asinou con Castela o **Tratado de Alcaçovas** (1479), no que se lle recoñeceu aos portugueses o dereito a explorar e explotar a costa africana cara ao sur das Canarias.

Paralelamente, **Castela buscaba novas rutas cara ao oeste**, motivada tamén pola mesma necesidade de acceso a produtos orientais e metais preciosos, e o patrocinio dos Reis Católicos á

expedición de Cristóbal Colón en 1492 incluso permitió el descubrimiento de América. Para evitar conflictos sobre las nuevas tierras descubiertas, en 1494 establecióse el **Tratado de Tordesillas**, que dividió el mundo no europeo mediante un meridiano a 370 leguas al oeste de las islas de Cabo Verde: las tierras situadas al este correspondían a Portugal y las situadas al oeste a Castilla. Este acuerdo tuvo importantes implicaciones políticas y económicas, pues garantizó a Portugal el control sobre las rutas africanas y la futura costa del Brasil, mientras que Castilla obtuvo el dominio sobre la mayor parte de América. Además, sentó un precedente legal y diplomático para la repartición de territorios ultramarinos entre potencias europeas e influyó en la planificación de futuras expediciones.



7. A formación e consolidación da Monarquía Hispánica

7.1. Os Reis Católicos e o nacemento da Monarquía Hispánica

O nacemento da Monarquía Hispánica é un dos exemplos máis significativos da transición cara ao Estado moderno. A **unión dinástica de Isabel de Castela e Fernando de Aragón, coñecidos como os Reis Católicos**, non supuxo a creación dun único Estado unificado, senón a unión de dúas coroas que mantiveron as súas propias leis, institucións e costumes. Con todo, estes monarcas desenvolveron unha política común orientada á **centralización do poder**, reforzando a autoridade real fronte á nobreza e establecendo as bases dun Estado moderno.



Para iso, apoiáronse en institucións como o **Consello Real**, reorganizaron a xustiza coas Chancelerías e Audiencias, e crearon un poderoso exército permanente. Tamén fortaleceron o control sobre a Igrexa mediante o dereito de presentación de cargos eclesiásticos. Ao mesmo tempo, promoveron a unidade relixiosa coa creación do tribunal da **Inquisición** e a expulsión dos xudeus en 1492, buscando asegurar a cohesión interna do reino en torno a unha única relixión.

A súa política exterior estivo marcada pola **expansión territorial**: ademais da **conquista de Granada** en 1492, incorporaron Navarra e iniciaron unha política matrimonial que ampliou a influencia da monarquía en Europa. Todo isto converteu á Monarquía Hispánica nunha das potencias emerxentes de finais do século XV.

7.2. O descubrimento e conquista de América

Un dos feitos máis relevantes do reinado dos Reis Católicos foi o patrocinio da **expedición de Cristóbal Colón que levou ao descubrimento de América o 12 de outubro de 1492**. O obxectivo inicial da viaxe era establecer unha nova ruta cara a Asia, moito máis curta que a portuguesa que rodeaba o continente africano. Sen embargo, unha vez os casteláns chegaron ás costas americanas, pronto se entendeu que era un continente descoñecido para os europeos.



A partir deste momento iniciouse un proceso de **exploración e conquista** que transformou profundamente tanto América como Europa. Os conquistadores españois, como **Hernán Cortés en México e Francisco Pizarro en Perú, derrotaron grandes imperios como o azteca e o inca** respectivamente, aproveitando a súa superioridade militar, as alianzas con pobos locais e o impacto das enfermidades levadas involuntariamente polos europeos. Ademais, a organización política destes imperios, baseada na autoridade central do emperador, facilitou a súa rápida desarticulación tras a captura dos seus líderes. Este proceso supuxo non só a incorporación de novos territorios ao Imperio Hispánico, senón tamén unha profunda transformación demográfica, económica e cultural no continente americano.

Os territorios conquistados organizáronse en **virreinos**, como Nova España e Perú, e administráronse a través de institucións como a **Casa de Contratación** de Sevilla e o **Consello de Indias**, que regulaban o comercio e o goberno dos territorios de ultramar. A explotación dos recursos, especialmente da prata e do ouro, converteuse na base da riqueza do Imperio, aínda que tamén xerou unha forte explotación da poboación indíxena mediante sistemas como a encomenda.

Ante a notificación de numerosos abusos por parte dalgúns españois, a Coroa promulgou as **Leis de Burgos** (1512) e as **Leis de Indias** (1542), que buscaban protexer aos indíxenas, regular o traballo e establecer normas mínimas de xustiza e asistencia, aínda que a súa aplicación foi desigual. Nos territorios americanos da Monarquía Hispánica foron xurdindo novas cidades, construíronse igrexas e conventos e mesturáronse elementos españois e indíxenas nas artes.

Socialmente, a presenza da administración real, os virreinos e as Audiencias estruturaron unha **sociedade complexa, estratificada e controlada pola Coroa**, que combinaba influencia española coa tradición e organización local dos pobos americanos.

7.3. Carlos I e o Imperio universal

Carlos I, neto dos Reis Católicos e primeiro monarca da casa de Habsburgo en España, herdou un vasto conxunto de territorios que incluían a Coroa de Castela, a Coroa de Aragón, territorios en Italia, os Países Baixos e, ademais, acadou o título de Emperador do Sacro Imperio Romano Xermánico. Este enorme dominio converteuno nun dos monarcas máis poderosos do seu tempo, pero tamén lle supuxo grandes desafíos.

No interior, tivo que facer fronte a importantes **revoltas como as Comunidades de Castela e as Xermanías de Valencia e Mallorca**, que reflectían o descontento de diferentes grupos sociais ante a política imperial e o aumento da presión fiscal. Estes movementos foron reprimidos, reforzando o poder do monarca.

No exterior, Carlos I mantivo continuas guerras contra Francia polo control de Italia, enfrontouse ao Imperio Otomano no Mediterráneo e loitou contra os príncipes protestantes alemáns no contexto das Guerras de relixión. Estes conflitos obrigaron a un gran esforzo económico e militar, que recaeu na súa gran maioría sobre os contribuíntes da Coroa de Castela.

Para gobernar este complexo imperio, Carlos I perfeccionou o sistema de **Consellos**, que permitía administrar diferentes territorios desde a corte. A pesar diso, a diversidade cultural e territorial dificultaba a cohesión política, e o emperador acabou abdicando, dividindo os seus dominios entre o seu fillo Felipe II e o seu irmán.

7.4. Felipe II e a consolidación da Monarquía Hispánica

Felipe II, o segundo dos chamados “Austrias maiores” (xunto co seu pai) herdou os territorios hispánicos e americanos, converténdose no principal defensor do catolicismo en Europa. A súa política estivo marcada por unha forte **centralización administrativa**, establecendo a corte

en Madrid e reforzando o funcionamento dos Consellos e da burocracia.

No interior, afrontou problemas como a rebelión dos **mouriscos nas Alpujarras**, derivada das tensións relixiosas e culturais, e tivo que xestionar unha sociedade con grandes desigualdades e dificultades económicas. A pesar da chegada de metais preciosos de América, a Coroa sufriu **varias bancarrotas** debido ao elevado custo das guerras en Europa. Aínda así, cabe destacar que durante o reinado de Felipe II **incorpórase o reino de Portugal** á Monarquía Hispánica, afianzando a esta como principal potencia do momento.

No exterior, Felipe II protagonizou importantes conflitos, sempre ligados á súa defensora do Catolicismo. O conflito máis custoso que tivo que abordar foi a **rebelión dos Países Baixos na Guerra de Flandes**, onde a maioría calvinista tratou de independizarse da Monarquía Hispánica (algo que acadarán anos máis tarde coa creación das Provincias Unidas). Malia a inicial alianza matrimonial con Inglaterra, o ascenso ao trono da raíña Isabel I, defensora do anglicanismo, levou a un **enfrentamento cos ingleses**, que culminou co fracaso do intento de invasión da chamada Armada Invencible en 1588. Máis exitosa resultou a **loita contra o Imperio Otomano** no Mediterráneo, sobre todo grazas á vitoria na batalla de Lepanto en 1571.

A **administración do Imperio americano** consolidouse mediante os **virreinos**, as Audiencias e o control do comercio a través da Casa de Contratación de Sevilla. Este sistema permitiu manter a unidade política do imperio, aínda que tamén xerou desigualdades sociais e explotación económica nas colonias.

